

LA VOZ DE GALICIA -BARBANZA

29 de enero de 2015.

Na mañá do 8 de novembro de 1916, cando uns mariñeiros de Rianxo tendían as redes preto da punta do Chazo, viron pasar un «animal enorme», para eles descoñecido na «fauna marina», con dirección á praia de Tanxil.

Ao día seguinte espallouse a noticia de que na citada praia encallara un «pez de grandes dimensións», duns 16 metros de longo por 8 de circunferencia. Os entendidos da vila comentaron que viñera «perdido, que entrou pola boca da ría como nunha gaiola, e que de moito dar voltas sen atopar saída, foi dar alí sen folgos, deixouse estar un íntre, e como eran as mareas vivas e moito o seu calado, foise un pouco o mar e varou».

A dicir de Rafael Dieste, algúns, para lle restar méritos á vila, dixeron que era unha balea moi pequena. «Eu non digo que fose coma un Consistorio a aboiar pola ría, non son tan argalleiro; pero a eslora dun patache poida que a tivese ben».

Alá se foron cara a Tanxil, e aos altos de Quenxo, un bo número de mariñeiros e rapazotes, así como outras persoas de importancia, entre elas o cabo de Carabineiros, de apelido Hernández, o contramestre da Mariña e o alcalde Manuel Pérez.

Opinións na praia

Na praia, case todos emitían a súa opinión ao respecto dos medios que se debían empregar para apoderarse definitivamente do estimado hóspede. Como o cetáceo daba probas de grande vitalidade, decidiron acometelo. O cabo de Carabineiros descargoulle máis de doce tiros de maüser na cabeza. Fixéronlle explotar «case en contacto unha bomba de dinamita, e ata houbo algún mariñeiro que lle deu varios machadazos». O animal, debido a tanta saña, sangraba abundantemente.

Todo se fixo sen orde nin preparación. «O que pasaba era que non se sabía que cousa era o que había que facer con orde. Botáronlle un rizón, pero o rizón escorregaba e non prendía. Empuxaron con remos (?), e recuaban as lanchas, desatracando del como dun trasatlántico. Fixéronse enleadas manobras, con moitos berros e xuramentos, para lle pasar un cabo arredor, pero alguén dixo que aquilo era como querer levar preso cun fío a Oitentaenove (o Hércules da vila), e tiña razón».

Rianxo quedou sen beneficio

A marea crecía. Aos mariñeiros ocorrúselles engancharlle á cola un cabo, e todos empezaron a tirar polo animal, ata que conseguiron poñelo cara ao mar. Foi cando comezou a dar aletadas e a coller rumbo da entrada da ría. Quedaron todos cun «palmo de narices», vendo marchar o prezado tesouro. Os rianxeiros non se beneficiaron do prezado animal.

O cachalote avistárono en bastante mal estado na praia das Sinas, en Vilanova de Arousa. A vila veciña, que mostrou unha grande algarabía ao velo, puido beneficiarse da «criaturiña» en gran parte pola ineficacia dos rianxeiros, que non souberon rematar o traballo iniciado.

A dicir dos xornais, os de Rianxo perderon a presa «por ignorancia y por un mal entendido egoísmo», afirmación que non compartiu o escritor Rafael Dieste: «Será certo. Eu non sei que pensar. A unión sempre é boa. Porén, os de Vilanova non tiñan máis unión, e coido que tampouco máis cultura ca nós, e de tódolos xeitos, velaí, apañaron o premio. E ben; que lles aproveite».

Discutiuse durante algún tempo «encol de se era xusto que Vilanova fose dona da balea sen dar parte a Rianxo. Pero eu dígovos que nós (os rianxeiros) tivemos a parte máis fermosa.

Autores: Xosé Comoxo / Xesús Santos